

AXUDAS DO PROGRAMA RETOS-COLABORACIÓN (ANO 2016)

Organismo convocante: Ministerio de Economía y Competitividad (MINECO)

Convocatoria: [BOE 25 de xaneiro de 2016](#) (Núm. 21)

Corrección de erros: [BOE 6 de febreiro de 2016](#) (Núm. 32)

Bases: [BOE 2 de outubro de 2013](#) (Núm. 236), modificacións en [BOE de 30 de decembro de 2014](#) (Núm. 315)

Obxectivo: Apoio a proxectos en cooperación entre empresas e organismos de investigación.

Beneficiarios: Agrupacións de entidades públicas e/ou privadas, das que poden ser membros os referidos no art. 4.1 da convocatoria: a) Organismos públicos de investigación, b) Universidades públicas, c) Institutos de investigación sanitaria, d) Outros centros públicos de I+D, e) Centros tecnolóxicos de ámbito estatal e centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal, f) Universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D, g) Outros centros privados de I+D, h) Empresas, i) Asociacións empresariais sectoriais.

As agrupacións rexeranse por un acordo de colaboración que deberá presentarse xunto coa solicitude de axuda.

Actividades subvencionables:

- Temáticas aliñadas coas prioridades establecidas nos Retos do Programa Estatal de I+D+i orientada aos Retos da Sociedade, así como con todas aquelas tecnoloxías complementarias de carácter transversal que sirvan para desenvolver e completar o contido dos Retos.
- As propostas deberán referirse a un único Reto dos especificados no Anexo I: Saúde, cambio demográfico e benestar; Seguridade e calidade alimentarias, Actividade agraria produtiva e sostible, Recursos naturais, investigación mariña e marítima; Enerxía segura, eficiente e limpa; Transporte intelixente, sostible e integrado; Acción sobre o cambio climático e eficiencia na utilización de recursos e materias primas; Cambios e innovacións sociais; Economía e sociedade dixital; Seguridade, protección e defensa.
- Proxectos de desenvolvemento experimental na modalidade de proxectos en cooperación (características art.2 m) Orden de bases): introducción dun novo produto (ben ou servizo) ou dun proceso (ou significativamente mellorados), dun novo método de comercialización ou dun novo método organizativo nas prácticas internas dunha entidade, a organización do lugar de traballo ou as relacións exteriores de dita entidade.

Características dos proxectos:

- Cuantía: deben ter un orzamento mínimo de 500.000€ e un máximo de 15 millóns de euros.
- Duración: plurianuais. Parte do proxecto se realizará no 2016, solicitando axuda neste ano. Como mínimo acabarán o 31/12/2017 e como máximo o 31/12/2019).
- Participación:
 - Mínima de 2 entidades, sendo unha delas obrigatoriamente un organismo de investigación (público ou privado).
 - **O representante da agrupación debe ser unha empresa, que actuará como solicitante da axuda e como interlocutor co MINECO.**
 - Aportación mínima por entidade dun 10% do orzamento total do proxecto.
 - A suma da participación empresarial deberá ser superior ao 60% do orzamento total presentado, sen que ningunha entidade corra por si sola con máis do 70% de dito orzamento.

Características da convocatoria:

- Axudas en forma de préstamo, anticipo reembolsable FEDER e subvención.
- Dotación orzamentaria: 586,4€ millóns de euros (487M€ en anticipo reembolsable FEDER e préstamo; 99,4 M€ en subvención).
- As entidades pertencentes ao sector público recibirán axuda en forma de subvención. A Universidades Públicas e os OPIs recibirán axuda en forma de subvención e en forma de Anticipo Reembolsable FEDER.
- Os organismos de investigación privados recibirán axuda en forma de subvención.
- As empresas privadas só poderán obter axuda en forma de préstamos.
- **Para o ano 2016 destinarase unha partida especial de 9,9 M€ para axudas en forma de subvención a todo tipo de beneficiarios, agás grandes empresas, que declaren como lugar efectivo de realización da actividade os seguintes territorios: Andalucía, Canarias, Castela-A Mancha, Ceuta, Extremadura, Galicia, Melilla, Asturias e Murcia.**
- Entendese por lugar efectivo de realización da actividade a Comunidade Autónoma onde se realiza a mesma, non a C.A. correspondente ao domicilio social da entidade. Será obrigatorio declarar un único lugar de realización para toda a duración do proxecto ao que se imputará o 100% da actividade.
- Intensidade da axuda máxima para as empresas: 60% para as pequenas, 50% para as medianas empresas e 40% para as grandes.
- Compatibles coa percepción de calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade agás que se supere a intensidade máxima de axuda ou que dacordo coa normativa reguladora da outra axuda fosen incompatibles.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

Costes elexibles do proxecto (Xeral)

- Material Funxible e consumibles directamente derivados do proxecto
- **Auditoría de contas: 1200 €/entidade/anualidade (obrigatoria para a xustificación)**
- Subcontratacións (nos termos do art. 8 da Convocatoria)
- Gastos de solicitude das patentes xeradas polo proxecto. (Non financiable ás grandes empresas).
- Contratos e asistencias técnicas: prestacións de servizo
- Viaxes: max. 2.000 €/entidade/ano
- Costes indirectos, calculados en función da conta 62

Gastos non elexibles:

- Dispositivos informáticos de uso xenérico (PC, portátiles, impresoras,...), licenzas de programas informáticos xeneralistas.
- Material de oficina e consumibles informáticos.
- **Viaxes correspondentes á asistencia a congresos, xornadas ou outras actividades de difusión.**

Cuestións específicas:

a) OPI: COSTES MARXINAIS

Costes elexibles:

- Adquisición de aparatos e equipos novos, sempre que se adiquen exclusivamente ao proxecto e a súa vida útil coincida coa duración do mesmo. Inclúense programas informáticos de carácter técnico sempre que a súa necesidade se xustifique na memoria do proxecto
- Persoal: nova contratación

Gastos non exlexibles:

- Persoal propio. Aínda que non son financiábles, deben incluírse no orzamento para que computen en relación os requisitos de cuantía e participación do proxecto.
- Amortizacións de aparatos e equipos usados cando foran financiados con fondos públicos.

Outras cuestións:

As publicacións científicas resultantes do proxecto deberán estar dispoñibles en acceso aberto (en revistas, repositorios institucionais ou temáticos de acceso aberto).

b) Empresa: COSTES TOTAIS**Costes exlexibles:**

- Costes de persoal propio: investigadores, técnicos e persoal auxiliar, tanto persoal propio como novas contratacións, nas horas de traballo que se adiquen exclusivamente ao proxecto.
- Aparatos e equipos: só costes de amortización correspondentes á duración do proxecto, tanto novos como usados.

Subcontratación (art. 8 da Convocatoria):

- Actividades do proxecto que non poden ser realizadas pola entidade beneficiaria por si mesma. Debe estar motivada na memoria técnica.
- Poderán acadar ata o 50% do orzamento do participante que contrata.
- Non poderá subcontratarse coas entidades beneficiarias do consorcio.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As [solicitudes](#) realizaranse no formulario electrónico e presentaranse xunto coa documentación requirida (artigo 18 da Convocatoria).

PRAZO: remata o **7 de marzo de 2016, ás 15.00h (peninsular)**

¡Atención! A documentación relativa a esta convocatoria debe ser previamente revisada pola Oficina de I+D (OTRI). O prazo para a presentación da mesma nesta Oficina finalizará o 2 de marzo de 2016. Pódese recoller a información e os diferentes modelos na [web](#)

MÁIS INFORMACIÓN EN:

Oficina de I+D (OTRI)

[Convocatorias colaborativas e contratos de I+D](#)

otri3@uvigo.es

986 81 38 96

Ministerio de Economía y Competitividad

[Retos-Colaboración 2016](#) (convocatoria e solicitudes)

[Retos-Colaboración 2016](#) (resumo programa)

[Preguntas frecuentes](#)

Este resumo elaborouse con efectos meramente informativos. Calquera información dubidosa debe ser contrastada no boletín oficial correspondente á convocatoria referenciada